

D^a. JOSEFA CAYETANA PARDO DE MOSCOSO (1711-1762), V SEÑORA DE BALTAR, 3^o MARQUESA DE SAN SADURNIÑO.

Podemos valorar a boa parte das mulleres que exerceron o Señorío de San Sadurniño durante 427 anos como enérxicas e de gran relevancia social e cultural, como a fundadora [Inés de Castro e Lanzós](#) ou [Francisca Ventura de Andrade](#), derradeira gran Señora que habitou permanentemente no Pazo de San Sadurniño ata 1717, honrando así aos seus devanceiros. Os seus sucesores, até o fin do Señorío en 1953 so morarán esporadicamente en San Sadurniño ou en períodos de lecer.



Josefa Cayetana Pardo foi unha extraordinaria muller que ben podería figurar nalgunhas secuencias de “*Barry Lindon*” (Stanley Kubrick, 1975), “*Las amistades peligrosas*” (Stephen Frears 1988) ou “*La duquesa*” (Saul Dibb, 2008), mais tamén obviando as estritas regras sociais da pequena aristocracia rural reflectidas nas primeiras novelas de Jane Austen.

Cayetana Pardo foi muller ilustrada e culta, unha pioneira das *Salonnières*, animadoras e promotoras dos salóns ilustrados que animaron a vida social de Europa no século XVIII.

Nacida en 1711 no seo dunha familia da pequena aristocracia de Ferrolterra no suntuoso [Pazo de Baltar](#), construído a finais do século XVI. Os seus pais foran Pedro Pardo de Andrade III e María Antonia de Cora Moscoso e Ulloa.

Pouco sabemos da súa infancia e adolescencia no feliz e acomodado Pazo familiar. Nesta época ás mulleres estáballe prohibido o acceso ás aulas universitarias, mais isto non representou un obstáculo para acadar unha excelente formación cultural; debeu ter uns magníficos preceptores no Pazo de Baltar,

frecuentando faladoiros en conventos e casas fidalgas, o que provocará en Cayetana unha insaciable curiosidade polo coñecemento científico, filosófico e literario. Posiblemente Cayetana fora lectora precoz de Frei Benito Xerónimo Feijoo (1676-1764), nomeadamente do seu discurso “Defensa de la mujer” (1726), que cuestionaba a opinión común e a misoxinia da época sobre a inferioridade da muller,

defendendo a igualdade intelectual entre homes e mulleres, a dignidade moral da muller e o seu dereito a acceder ao coñecemento da ciencia e a tecnoloxía, as artes e as industrias. Aquela moza ilustrada e rebelde de 18 anos casará nun matrimonio concertado co seu parente e veciño [José Jacinto Quindós e Reynoso Andrade e Figueroa](#), XII Señor e 3^o Marqués de San Sadurniño. A voda representaba un trunfo para ambas casas que así amoreaban unha gran facenda e abondosas rendas nobiliarias. O patrimonio conxunto das dúas casas San Sadurniño-Baltar era moi sólido, un morgado rico en rendas, prata, alfaias, móbéis e terras de todo tipo, dende as salinas da Lanzada a señoríos espallados por Lugo, Ourense e boa



parte de Ferrolterra, conformando así unha das sagas familiares máis sobranceiras da provincia de Betanzos ou a diocese de Mondoñedo. Mais non será doado controlar ese inmenso patrimonio. Durante toda a súa vida, o matrimonio afrontou preitos de todo tipo con caseiros e labregos pola posesión de terras ou rendas atrasadas, como no caso do “[pleito de la cebada](#)” con labregos de Cerdido, ou foreiros do morgado, -como os Luaces, polas terras da Rubiña-, ademais dun bo feixe de litixios e preitos (38) co [Convento do Rosario](#) de San Sadurniño. Daquela, a riqueza radicaba na propiedade da terra. As grandes casas nobiliarias ociosas vivían das rendas dos vasallos, polo que supervisaban constantemente os seus intereses para controlar a produción agraria e dispor de rendas case ilimitadas para manter o seu nivel de vida. Non había marxe para solicitar xustiza ou unha acaída igualdade porque así o determinaba un mandato divino.

Mais a comezos da década de 1730, recién casados Jacinto e Josefa, o destino dos Señores de Quindós/Baltar está a piques de mudar para sempre. A fortuna tíñalles reservado unha gran oportunidade que vai trocar a tradición familiar do señorío, até conformarse como un espazo de poder e influencia social de gran relevancia na contorna.

A decisión de 1726 do Rei Felipe V de construír os Estaleiros Reais e o Departamento marítimo de Ferrol vai transformar por enteiro a vida socioeconómica de Ferrolterra. A decisión tórnase imparable en 1733, cando o rei Felipe V outorgaba a Ferrol a condición de "vila de reguengo" (pertencente ao estado), cesando o pouco apreciado señorío xurisdiccional dos condes de Andrade, Vilalba y Lemos. Ferrol convértese nunha cidade libre dos ronseis do feudalismo e capital da ilustración. O incremento vertixinoso da poboación e a economía ferrolá estimulará a demanda de materias primas, bens e servizos, ofrecendo novas posibilidades de enriquecemento e ascensión social ás familias nobiliarias, artesáns e comerciantes da comarca. Xentes de toda España acoden á nova cidade das luces. Aquel agromar incesante representaba unha oportunidade para a pequena aristocracia local e así o debeu percibir o xove matrimonio; a posibilidade de prosperar subindo varios chanzos na escala social e asentar sólidos alicerces de futuro para a marca familiar de San Sadurniño.

Cayetana demostrou ser unha muller ilustrada, intelixente e moi especial para a súa época. Posiblemente debeu ser a *culpable* de trasladar a residencia familiar para instalarse na nova cidade de luces e prodixios a finais da década de 1730. Porén, o Pazo de Baltar representará sempre unha referencia emocional da familia; de feito, alí nacerán parte dos seus fillos e no Pazo construírá o panteón familiar onde van enterrar a familia ata a súa cesión aos claretianos en 1910.

Así pois, os 3º Marqueses de San Sadurniño vivirán boa parte da súa vida en Ferrol -entre 1740 e 1762- ou esporadicamente no [Pazo de Baltar](#), onde se comentaba "*que tiñan criados negros*".

...dueña y poseedora que ha sido de la Casa de Baltar y vivir lo más del tiempo en la Casa que tambien tiene en esta dicha Villa..."

Por outra banda, o antigo Pazo de San Sadurniño seguía deteriorado, "*están inhabitables algunos cuartos y piezas*", mesmo a altura de 1744 o bispo de Mondoñedo queixase do [abandono do Hospital](#) que os Marqueses en San Sadurniño tiñan a obriga de soste.

A Marquesa abriu casa en San Francisco 6-12, no Ferrol vello, moito antes de que o número de habitantes medrara espectacularmente por mor da chegada masiva de traballadores, ate completar os quince mil homes, que choiaban no Arsenal daquela, coa construción de doce navíos de liña por unha orde do Marqués de la Ensenada en 1752. Durante o século XVIII Ferrol converterase na cidade con maior poboación de Galicia (30.000 habitantes). Requírense bens e servizos que cubrirán en parte as rendas agrarias e colleitas dos labregos das súas posesións. A casa nobiliaria debeu ter moitos ingresos naqueles anos. A euforia económica da comarca tamén chegará ata o [Convento do Rosario](#) coas obras de ampliación do claustro, inauguradas en 1755 e reformas nalgunhas igrexas do señorío. Todas estas reformas e melloras baséanse principalmente nas rendas agrarias que labregos e labregas e San Sadurniño e Baltar pagan relixiosamente á igrexa e á nobreza como acredita o Catastro de Ensenada.

Por outra banda, Cayenata síntese como peixe na auga en Ferrol. Axiña a sona da súa casa converterase no epicentro da vida social e cultural da emerxente cidade, unha especie de torre de Babel con viaxeiros e curiosos de todas as procedencias que se achegaban a ver o "milagre" de Ferrol. Os salóns e faladoiros foron espazos rituais onde as clases altas do momento se reunían para dialogar, mais tamén para pedir favores ou recomendacións. Ao parecer Cayetana tiña unha habilidade especial para detectar talento (unha das aptitudes dun bo ilustrado). No século XVIII, o concepto de "talento" e "capacidade" estaba fortemente influenciado pola idea de progreso e a ilustración. Considerábase que o talento era unha cualidade innata, mais tamén se recoñecía a importancia da educación e a experiencia para desenvolverlo:

La marquesa hace indispensable la elección de espíritus o sujetos hábiles para diferentes cargos, erudita en todo género de asuntos. Todas sus conversaciones, sus obras y escritos son gobernados por una prudentísima y juiciosísima crítica que sorprende. Y el valor que incorporaba una recomendación suya a cualquier pedido...

A casa da Marquesa de San Sadurniño recibirá con expectación curiosa todas as ideas ilustradas procedentes do mar amosando un gran interese en favorecer as artes e as letras. Nos salóns da nova casa dos marqueses en San Francisco 6, organizábanse acotío festas e bailes para a sociedade máis chic de Ferrol e os círculos intelectuais ilustrados, sendo frecuentada por militares, artistas, músicos, mariños e científicos. Moitos serán os xefes e enxeñeiros militares amigos de Cayetana, como o intendente e comisario de guerra Antonio Perea, Cosme Álvarez de los Ríos (responsable das obras do Arsenal e Estaleiro de Ferrol), o militar, enxeñeiro e arquitecto español Julián Sánchez Bort, os seus amigos íntimos, o comandante Cosme Alvarez, e Francisco Orozco, Miguel Gastón, o riquísimo terratenente

José María Bermúdez. E de cando en vez, a Marquesa agasallou a ilustrísimos visitantes ocasionais como o mesmísimo Marqués de la Ensenada, secretario de Facenda, Guerra e Mariña e Indias, posiblemente o ilustrado Jorge Juan, Juan Luis Roche, ou Martín Sarmiento entre outros. Poderíamos asegurar que, para calquera ilustrado que se achegara a Ferrol, pasar pola casa de Cayetana Pardo era unha obriga e unha oportunidade. A Casa de San Sadurniño/Baltar é unha das familias máis poderosas e influentes de Ferrolterra arredor de 1750 o ano da morte de Johann Sebastian Bach.

Un dos máis destacados admiradores da nosa dama foi o erudito amigo e propagandista de Feijoo **Juan Luis Roche Sansón** (1718-1794) quen apuntou varios sinais da excepcionalidade e do éxito social de Cayetana na dedicatoria do seu libro en 1757 “*Disertación médico-moral sobre el limitado poder de los abortivos en la medicina*”, no que escribiu un longo prólogo, onde puña en valor a figura de Cayetana muller culta, racionalista e sensata á que cualifica como “*mujer nobilísima*” e “*heroína ilustre del Reino de Galicia*”:



“*Sepultada su grandeza en un remoto rincón de España, no pudieron ocultar las Montañas de Galicia, la gran fragancia de las perfecciones de V. S. Su fama se extiende no solo por el Reyno de Galicia y por toda España y su corte, sino en ambos hemisferios. Cuando los apasionados de VE oyen pronunciar su nombre con respecto en los ejércitos, las armadas y los congresos, qué júbilo no es el suyo...*”

Outro dos valores que subliña era a calidade da correspondencia que mantiña con numerosas figuras da intelectualidade da época. De novo Roche advirte da gran elocuencia e discreción das súas cartas e avisa:

“*Se escucha de su correspondencia con toda especie de héroes en armas y letras, pero acá sabemos que se extiende a lo más alto de la grandeza y os políticos más eminentes*”.

A Señora de Baltar tamén debeu facer algúns pinitos literarios pois Couceiro Freijomil a incorpora no seu “*Diccionario bio-bibliográfico de escritores gallegos*”. A súa estreita relación cos círculos intelectuais da época, reflicte ben o seu papel como promotora da cultura. Ogallá aparecera nun arquivo esquecido boa parte desa correspondencia que mantiña cos eruditos do seu tempo como Feijoo, Sarmiento, Francisco de Isla, o marqués de la Ensenada, Diego Cernadas y Castro e Juan Luis Roche entre outros.

Por último, Roche louva características máis humana de Cayetana por mor do seu trato natural, sinxelo e recto cos seus criados e traballadores, definíndoa como “*protectora de sus paisanos y los domésticos, porque trata con la misma benignidad a todo género de gente. Lo que más suena o debe sonar con más gusto por los hombres son las generosidades de VI, sus cortejos, sus atenciones, sus amplitudes, su mesa de estado y su escribanía para favorecer con entrañas de madre a los menesterosos*”. Así mesmo eloxia a rectitude moral que preside a súa conducta porque “*entregó sus tres hijos al servicio del Rey*”. En realidade, enviounos aos tres a estudar na Real Academia de Guardiamarinas de Cádiz

Outra das visitas documentadas que podemos recrear será a realizada polo Cura de Fruime (1702-1777)



Diego Cernadas y Castro, en 1753, quen, como resultado da visita, compuxo o divertido e un tanto ousado poema: “*Real de Esteyro. Poema heroyco joco-serio a los doce navios que se están construyendo de orden de su Real Majestad*” dedicado a “*Muy Ilustre Señora Doña Josefa Cayetana Pardo, Marquesa de San Saturnino y Señora de Baltar*”. Está acreditada a súa visita ao convento do Rosario, onde pernoctou unha noite, arredor de 1753, cando estaban a construírse os 12 buques do Apostolado en Ferrol.

Nel fai un longo, versallesco e adulator panexírico da nobre ferrolana coa intención de que fora mecenas da súa obra e pagase a edición do poema:

*Mil cosas buenas he visto
en Ferrol; pero en conciencia,
pues a vos no os vi, es mentira
decir que vi cosa buena.*

.....
*De las musas de Galicia
sois la madre en acogerlas*

*y por eso en vos la mía
busca su madre Gallega*

.....
*Admitid mis rendimientos
y humilde a vuestros pies queda
quien desea ser criado
vuestro por mar y por tierra.*

Obxectivo que non acadou, probablemente porque daquela -no verán do mesmo ano de 1753- a Marquesa estaba de loito, polo falecemento do seu marido e 3º Marqués. José Jacinto foi soterrado provisionalmente na Capela Maior do Mosteiro de San Sadurniño, segundo consta na inscrición na [lauda de Juan Freire](#): *En tres de agosto se depositó aquí el cuerpo del muy ilustre Sr. Joséph Jacinto Quindós y Andrade, patrono de este Convento de San Saturnino y Marqués de la misma jurisdicción. Estuvo casado con la muy ilustre señora Josefa Cayetana Pardo Moscoso, Señora de Baltar, de cuyo matrimonio dejó seis hijos y el primogénito, Josep Javier de Quindós y Pardo y su madre quedó por tutora de todos.*

Tamén o sabio absoluto **Martin Sarmiento** (1695-1772) dará conta da personalidade da nosa ilustrada cando sexa invitado de honra na súa casa de Ferrol, dous anos despois, en [xuño de 1755](#). A mansión da viúva de 43 anos da rúa San Francisco 6-9 agasalla con dous opíparos xantares ao ilustrado beneditino. Casualmente no mesmo mes -11 de xuño de 1755- outro ilustrado xesuíta **José Francisco de Isla**. (1703-1781) visita Ferrol. Ignoramos se entrou en contacto coa Marquesa. O propio Sarmiento da conta persoal do trato coa viúva Cayetana:



“He tenido el honor de visitar á mi Señora la Marquesa de San Saturnino, quien se esmeró en favorecerme, y regalarme. Y he celebrado muchísimo tan feliz ocasión; pues, aunque había oído grandes elogios de las altas prendas de su Señoría me enseñó la experiencia, que habían quedado cortos los que me habían informado”.

Para finalizar, as ideas ilustradas e racionalistas de Cayetana coexistían na práctica cunha profunda relixiosidade, como fixeran os seus admirados Feijoo e Sarmiento. Os marqueses viviron moi vencellados á igrexa de San Francisco e á Orde Terceira, formando parte da directiva e onde tiñan un espazo reservado para as súas sepulturas e unha tarima rodeada dunha rella de pau para escoitar a misa en espazo reservado. A señora da casa e xurisdición de Baltar, as súas fillas e outros membros da familia, amizades e as criadas podían ocupar este lugar acoutado e pechado con chave, na igrexa. Alí será soterrada a 3ª Marquesa de San Sadurniño en xaneiro de 1762 aos 51 anos de idade, antes que todos os persoaxes ilustres que levamos citado neste artigo.

Tiveron fillos:

- [Josefa Antonia de Quindós y Pardo de Andrade](#) (1732-1733) casada axeitadamente con José Antonio Ribadeneira y Quiñones (Lugo). Viven en Ferrol na casa do seu irmán José Javier Quindós.
- [Maria Antonia de Quindós y Pardo de Andrade](#). Nacida en 1734. Casou en 1763 con Andrés Quiroga e Ulloa, Señor de Hervés e Académico de número da Real de Agricultura de Galicia; pais de Ana Quiroga futura 4ª Marquesa de San Sadurniño. Viven en Betanzos.
- [José Javier Quindós y Pardo de Andrade](#). (1737-1811). Herdeiro do morgado. 4º Marqués de San Sadurniño e VI Señor de Baltar. Casará en 1789 aos 52 anos coa súa sobriña, Ana Quiroga y Quindós, filla da súa irmá María Antonia de Quindós. Pola relevancia social e económica da casa familiar acadada pola súa nai Cayetana Pardo, axiña ocupará cargos distinguidos na cidade departamental como rexedor - dende 1766- sendo un dos *prohombres ferroláns* que, daquela, era xa a cidade máis populosa de Galicia. José María Javier de Quindós debeu ser un aristócrata prototípico do Antigo Réxime, convencido da súa ilustre liñaxe e férreo defensor dos seus privilexios de clase e dominio social. Litixios e preitos continuos cos seus arrendatarios, caseiros e domésticos das terras que posúe espalladas por Galicia. Non sabemos que pensaría a ilustrada Cayetana do sonado preito que lle puxo aos frades do Convento do Rosario por incumprir a obriga de ir a buscalo baixo palio o día do Corpus e -de non estar o marqués- ao seu mordomo.
- [Juan Quindós y Pardo de Andrade](#), (1739-1806). Chegou a ser Xefe de escuadra da Real Armada con 53 anos de servizo na Mariña. Casou con Joaquina Quiroga y Quindós.
- Pedro de Quindós y Pardo de Andrade, nacido en 1747, tamén ingresará na Mariña Real.